



FEDERACIÓN AERONÁUTICA GALLEGA
Avd. Castelao s/n (Casa do deporte) 15406 Ferrol
Tlf 981 319 151 Fax 981 319 141 E.mail: fag@telefonica.net



REGULAMENTO ELECTORAL

Para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Aeronáutica Galega.

Aprobado na Asemblea Xeral Extraordinaria do 05 de Xullo do douce mil catorce.




FEDERACIÓN AERONÁUTICA GALLEGA
Ferrol, 05 de Xullo de 2014



Artigo 1. Obxecto da normativa

En aplicación do disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia e na Orde do 8 de setembro de 2010, publicada no DOG número 174 do xoves, 9 de setembro de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e realización dos procesos electorais nas Federacións Deportivas Galegas, durante o ano 2014, confeccionase a presente normativa que regula o proceso de elección dos órganos de goberno, Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada, con representatividade durante o período 2014 ata o 2018.

Artigo 2. Celebración de eleccións

A Federación Aeronáutica Galega procederá á elección da súa Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada no ano 2014. O calendario electoral será o indicado no anexo I. Os sobres e papeletas serán os establecidos no anexo II. Establécese como horario de apertura ao público da sede federativa o seguinte: De luns a venres de 17,00 a 20,00 horas

Artigo 3. Regulamento electoral provisional e definitivo

Unha vez aprobado o regulamento electoral por parte da Asemblea Xeral da Federación Aeronáutica Galega, será remitido á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, que resolverá, no prazo máximo de 10 días hábiles dende a entrada do documento no seu rexistro, sobre a aprobación do mesmo ou a súa devolución para a corrección de posibles deficiencias.

Transcorridos estes sen que recaia resolución algúna entenderase aprobado o regulamento. No caso de ser necesaria a subsanación de deficiencias, indicaranse as mesmas e se concederán dez días hábiles para proceder a dita corrección.

Solicitase á Asemblea Xeral da Federación Aeronáutica Galega, no caso que houbera que subsanar algúna deficiencia no mesmo regulamento electoral, que delegue e autorice á Xunta Directiva a facer os cambios necesarios, sen necesidade dun novo sometemento á aprobación da asemblea xeral. Unha vez feitas estas modificacións, o novo regulamento presentarase á Secretaría xeral para o deporte para a súa ratificación definitiva.

Artigo 4. Censo electoral

1. O censo electoral (ANEXO III) incluirá aos deportistas, técnicos/adestradores, xuíces/árbitros e entidades deportivas inscritas na federación e no Rexistro de Entidades deportivas, que reúnan os requisitos para ser electores e elixibles, de acordo co establecido no artigo 8º do presente regulamento. Incluiranse os seguintes datos:



Regulamento Electoral – Aprobado na Asemblea Xeral extraordinaria do

05/07/2014





FEDERACIÓN AERONÁUTICA GALLEGA

Avd. Castelao s/n (Casa do deporte) 15406 Ferrol
Tlf 981 319 151 Fax 981 319 141 E.mail: fag@telefonica.net

DEPORTE
GALEGO

galicia

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

- a) Para os/as deportistas, adestradores e xuíces/árbitros: nome, apelidos, número de licenza federativa, número do Documento nacional de identidade ou da tarxeta de residencia e domicilio a efectos de notificación. O domicilio reflectido por defecto para o estamento de deportistas será o do club ao que pertezan
 - b) Ou no seu caso tamén respecto do estamento de xuíces/árbitros, o que a estos efectos indiquen a Federación. No período de reclamacións ao censo provisional poderase solicitar o cambio de domicilio.
 - c) Para as entidades deportivas: nome, denominación ou razón social e número de inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, así como o nome e apelidos do presidente e secretario. Os datos dos clubs deberán ser plenamente coincidentes cos datos contidos no Rexistro de Entidades Deportivas, tendo a Federación a obriga de cotexar ditos datos. No caso de discrepancias entre os datos obrantes no rexistro da federación e os obrantes no Rexistro de Entidades Deportivas, establecerase un prazo de 10 días para a súa subsanación.
 - d) Co fin de facilitar a participación e a integración na actividade deportiva da Federación, os candidatos proclamados a membros da asemblea xeral poderán dispoñer do respectivo censo de persoas que componen cada estamento, cos datos de carácter persoal contidos na licenza federativa. No caso dos candidatos proclamados Presidencia, poderán dispoñer do censo de persoas que conforman a asemblea xeral, cos mesmos datos de carácter persoal facilitados na licenza federativa.
2. O censo electoral provisional publicarase xunto coa convocatoria. A exposición pública do mesmo deberá facerse por un prazo mínimo de 10 días hábiles, dentro do cal se poderán presentar as reclamacións que se estimen oportunas ante a Xunta Electoral, resolvéndose por esta no prazo máximo de 5 días hábiles e considerándose o silencio da xunta en sentido estimatorio da petición realizada. Dita exposición farase no taboleiro de anuncios da Federación Aeronáutica Galega, así como na páxina web www.fegada.org.
 3. O censo será considerado definitivo se non se presenta reclamación algúnhha, ou cando de presentarse, sexa resolta pola xunta electoral ou, se é o caso, polo Comité Galego de Xustiza Deportiva. Deberán aplicarse as mesmas garantías de difusión e publicidade que as previstas no número 2 deste artigo para o censo provisional.
 4. Os datos contidos no censo electoral gozarán da protección do previsto na LO 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. En todo caso o tratamento e publicación dos datos contidos no censo terá por única finalidade garantir o exercicio polos electores do seu dereito de sufraxio, estando prohibida a súa cesión ou utilización para unha finalidade distinta a aquela.



Regulamento Electoral – Aprobado na Asemblea Xeral extraordinaria do 05/07/2014





FEDERACIÓN AERONÁUTICA GALLEGA

Avd. Castelao s/n (Casa do deporte) 15406 Ferrol
Tlf 981 319 151 Fax 981 319 141 E.mail: fag@telefonica.net



Artigo 5. Xunta electoral

1. O mesmo día da convocatoria de eleccións, constituirase a Xunta Electoral.
2. A xunta electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por sorteo na asemblea xeral, entre as persoas que presenten a súa candidatura a membros da xunta electoral. As candidaturas deberan presentar na mesma asemblea na que se celebre a súa elección, podendo estar os candidatos presentes na mesma.
Os membros da xunta deberán reunir os requisitos seguintes:
 - a) Ser maior de 18 anos.
 - b) Ter o título de bacharelato superior ou equivalente.
 - c) Non presentarse como candidato a membro da asemblea xeral.
 - d) Non ter relación contractual ou profesional coa Federación Aeronáutica Galega.
 - e) Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva que conlleve sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.
3. No caso de non presentación de candidatos a membros da xunta electoral, o presidente da federación proporalle á asemblea os membros necesarios para completar a mesma, os cales deberán así mesmo reunir os requisitos definidos no apartado anterior.
4. Actuará como presidente e secretario da xunta electoral o membro de maior e menor idade, respectivamente. As decisións da xunta electoral tomaranse por mayoría de votos. A asistencia á xunta electoral é obligatoria salvo causa xustificada.

5. Funcións da xunta electoral:

- a) Velar polo axustamento a dereito do proceso electoral dos órganos de goberno e representación federativos.
- b) Organizar os procesos das eleccións para a asemblea xeral e presidente da federación, segundo o disposto neste regulamento electoral.
- c) Designar as mesas electorais de conformidade co previsto neste regulamento electoral.
- d) Aprobar as candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, así como o resto da documentación electoral.
- e) Garantir a exposición de censos, candidaturas e outros documentos según se estableza neste regulamento electoral.
- f) Coñecer e pronunciarse sobre os recursos que se presenten.
- g) Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral, excepto o que non lle corresponda do procedemento do voto por correo, ata a súa finalización.
- h) En xeral, cantas facultades lle sexan atribuídas por este regulamento electoral.



Regulamento Electoral – Aprobado na Asemblea Xeral extraordinaria do





Artigo 6. Mesa electoral: composición e competencias.

1. Establécese circunscripción electoral única, constituirase unha única mesa electoral situada na sede federativa, (Avenida Castelao s/n – Casa do Deporte, 15406 Ferrol), para a elección dos membros da asemblea no día fixado. O horario de apertura da mesa será o seguinte: de 9,00 a 17,00 horas.

Coincidindo coa proclamación definitiva de candidatos á Asemblea Xeral, realizarase o sorteo para a elección de membros da mesa electoral o día 26/09/2014 ás 20,00 horas na sede Federativa, entre todos os membros do Censo electoral.

A mesa electoral estará composta por tres membros titulares (un presidente, un secretario e un vogal) e tres suplentes destes, elixidos por sorteo pola xunta electoral entre os integrantes do censo definitivo. Serán presidente e secretario os membros de maior e menor idade respectivamente. A asistencia á mesa electoral é obligatoria salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola xunta electoral.

Así mesmo, para a mesa electoral, os candidatos poden nomear interventores, entre quen desempeñe a condición de elector, que serán identificados ante a xunta electoral con antelación non inferior a 24 horas do día de celebración das respectivas votacións. A xunta electoral expedirá a correspondente acreditación.

Os interventores poderán participar nas deliberacións da mesa, con voz pero sen voto, así como solicitar á mesma certificacións e formular ante ela protestas, todo iso sen prexuízo da lexitimación que lles corresponde conforme aos artigos 18 e 19 deste regulamento.

2. A efectos de remisión do voto por correo, establécese como mesa para a recepción deste voto a situada na sede federativa, en Ferrol.

3. Son competencias da mesa electoral:

- Comprobar a identidade dos votantes.
- Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada aos efectos.
- Proceder á contaxe de votos.
- Levantar acta dos votos emitidos, resultados, e calesquera outras incidencias, así como das incidencias e reclamacións se as houber, facendo constar o número de votos obtidos por cada candidato.

4. A acta será subscrita por todos os membros da mesa electoral, así como polos interventores, se os houber, remitíndose posteriormente á xunta electoral, que deberá garantir a súa exposición pública mediante a publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web www.fegada.org

5. Cando proceda a elección de presidente constituirase a mesa electoral con dous membros que serán respectivamente o de maior e menor idade da asemblea. O primeiro actuará como presidente e o segundo como secretario. Así mesmo, e ata que conclúa a elección de presidente, exercerán funcións de presidente e secretario da asemblea.

6. Os gastos de desprazamentos dos membros das mesas electorais non serán sufragados pola Federación Aeronáutica Galega.





FEDERACIÓN AERONÁUTICA GALLEGA

Avd. Castelao s/n (Casa do deporte) 15406 Ferrol
Tlf 981 319 151 Fax 981 319 141 E-mail: fag@telefonica.net



Artigo 7. Convocatoria de eleccións

1. A convocatoria das eleccións será feita polo Presidente da Federación Aeronáutica Galega o día 05-09-2014, conforme a este regulamento electoral, aprobado pola Secretaría xeral para o deporte.
2. Simultaneamente á convocatoria de eleccións, a xunta directiva disolverase, contituíndose en comisión xestora que non poderá realizar mais que actos de mera administración e trámite.
3. A convocatoria de eleccións publicarase no taboleiro de anuncios da sede da federación, así como na páxina web www.fegada.org. A notificación da convocatoria de eleccións conterá cantes datos se precisen para o correcto desenvolvemento do proceso electoral, e sinaladamente:
 - a) Regulamento electoral.
 - b) Calendario electoral con indicación do lugar, data e hora de celebración dos actos propios do proceso electoral.
 - c) Lugar de consulta dos censos electorais.
 - d) Modelos oficiais de sobres e papeletas.
 - e) Composición e sede da xunta electoral da Federación.
4. Cun prazo de antelación mínimo de cinco días hábiles dende a data da convocatoria, esta haberá de ser notificada, a través de medio que permita asegurar a súa recepción, cando menos, ás entidades deportivas integrantes desta federación e á Secretaría xeral para o deporte.

Artigo 8. Electores e elixibles

1. Poderán ser electores e elixibles:
 - a) No caso dos estamentos constituídos por persoas físicas (deportistas, técnicos e xuíces) os que reúnan os seguintes requisitos:
 - Ser maior de idade á data da convocatoria das eleccións.
 - Ter licenza federativa en vigor e tela tido na tempada deportiva anterior á data da convocatoria de eleccións.
 - Ter participado nun mínimo de unha competición oficial na tempada deportiva anterior á data da convocatoria de eleccións.
 - b) No caso do estamento de Entidades Deportivas: aquelas, que estean inscritas, no ano da convocatoria das eleccións, na federación e no Rexistro de Entidades Deportivas e que teñan participado en competicións deportivas. A estos efectos e, con carácter mínimo, deberán de ter participado en catro competicións entre o ano de convocatoria das eleccións e os dous anos inmediatamente anteriores a aquel. Non serán elixibles aquelas Entidades Deportivas que formen parte da asemblea na súa condición de membros natos.

2. Aos efectos deste artigo entenderase como competición deportiva, aquela que estivera reflectida nos correspondentes calendarios oficiais aprobados pola Asemblea Xeral.



Regulamento Electoral – Aprobado na Asemblea Xeral extraordinaria do 05/07/2014





FEDERACIÓN AERONÁUTICA GALLEGA

Avd. Castelao s/n (Casa do deporte) 15406 Ferrol
Tlf 981 319 151 Fax 981 319 141 E.mail: fag@telefonica.net



3. Os membros da federación que pertenezan a dous ou mais estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito ante a xunta electoral que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo. Os criterios para identificar os electores nun único estamento, no caso de non existir a proposta individual, serán, de ser deportista e Técnico a técnico, de ser deportista e xuíz a xuíz, de ser deportista, xuiz e técnico a técnico.

Artigo 9. Composición da Asemblea xeral

1. O número de membros da asemblea xeral será de **14**, en aplicación do artigo 10, do presente regulamento electoral. Modificándose se cumprise unha vez aprobado os censos definitivos. O presidente da federación desempeñará a presidencia da asemblea xeral.

2. Os seus membros serán elixidos cada catro anos mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, salvo a singularidade prevista para o estamento de Entidades Deportivas, por e entre os componentes de cada estamento de conformidade co número e proporcións de representación que se establecen no presente regulamento.

3. Na asemblea xeral deberán estar representados todos os estamentos recoñecidos nos estatutos e integrados na federación e, cando menos, as entidades deportivas, os deportistas, os adestradores/técnicos e os árbitros/xuíces.

4. No estamento de entidades deportivas haberá membros natos e membros electos na Asamblea.

5. A representación das entidades deportivas corresponde ao seu presidente, ou persoa que conforme estatutos lle corresponda. Esta representación acreditarase fidedignamente mediante certificación da inscrición do Rexistro de Entidades Deportivas na que figure expresamente os representantes legais da entidade.

6. Non cabe representación das persoas físicas.

7. Ningún membro da asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.

8. A Federación Aeronáutica Galega axustarase, no posible, nas súas actuacións ás recomendacións feitas pola Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG nº 149, do 3 de agosto).

Artigo 10. Proporcionalidade na composición da Asemblea xeral

1. A porcentaxe de cada estamento é:

a) Representantes de entidades deportivas: 60 % (8) 4 electas e 4 en condición de membros natos.

b) Representantes de deportistas: 30 % (4)

c) Representantes de técnicos: 5% (1)

d) Representantes de xuíces: 5% (1)



Regulamento Electoral – Aprobado na Asemblea Xeral extraordinaria do

05/07/2014





Conforme o establecido na Orde do 8 de setembro de 2010, establecécese como baremo para a designación dos membros natos da asemblea xeral o seguinte: número de licenzas e número de actuacions deportivas.

Conforme o anterior baremo, son membros natos da asemblea as seguintes entidades deportivas:

Por mayor número de licenzas	Por mayor número de actuaciones
1. Club Furaventos de Aeromodelismo	1. Club As Gaivotas de Aeromodelismo
2. Club Parapente Ferrol	2. Club Los Diablos de Aeromodelismo

2. A representación do estamento de entidades deportivas na asemblea xeral da Federación Aeronáutica Galega, formaran parte as entidades electas na votación e as entidades que cumpran os requisitos para ser membros natos. Conforme a porcentaxe forman parte da mesma 8 entidades deportivas. (4 electas e 4 en condición de membros natos).

3. Cando o número de candidatos de calquera estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros que hai que elixir non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ao procedemento electoral.

No entanto, no caso de que nalgún estamento da assemblea houbera máis dun 20% de vacantes, unha vez terminado o proceso electoral e no prazo máximo de 3 meses, o presidente procederá á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria parcial afecte aos xa elixidos.

4. votación para o estamento de deportistas, realizáse, de entre os candidatos presentados, formando parte da asemblea, o deportista más votado, de cada una das especialidades que presenten candidatos. En calquera caso todas e cada unha das especialidades terán cando menos un representante en cada estamento, sempre que o número establecido de membros de cada un deles permita esta opción.

Artigo 11. Candidatos a membros electos da Asemblea xeral

1. Poderá ser candidato a membro da assemblea xeral toda persoa física ou xurídica incluída no censo definitivo que o solicite persoalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que acredite fehacientemente en dereito a dita solicitude, ante a xunta electoral. Para a solicitude establecése un prazo de tres días hábiles a contar dende a publicación do censo definitivo.

2. Unha vez presentadas as candidaturas, a xunta electoral proclamará a lista provisional de candidatos facéndo-a pública na páxina web: www.fegada.org. Haberá un prazo de dous días hábiles, para a presentación de posibles reclamacións ante a Xunta electoral, esta terá un prazo de resolución de dous días hábiles, as reclamacións presentadas.

3. Unha vez resoltas as posibles reclamacións sí as houbera, procederase á proclamación definitiva de candidatos.





Artigo 12. Sistema de votación a membros da Asemblea xeral

1. A votación a membros da asemblea realizarase en urnas separadas por estamentos. A votación desenvolverase sen interrupcóns durante o horario de 9,00 a 17,00 horas. Soamente por causa de forza maior poderán non iniciarse ou interromperse as votacións. En caso de suspensión da votación non se terán en conta os votos emitidos nin se procederá ao seu escrutinio. Neste caso, a xunta electoral fixará unha data para a nova votación.
2. O dereito de votar será acreditado pola inscrición no censo electoral definitivo. Para a súa identificación, o elector deberá presentar documento acreditativo da súa personalidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de conducir con fotografía do titular). No caso das persoas xurídicas a representación corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda, debéndose acreditar fehacientemente a dita representación mediante certificación da inscrición do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia na que figure expresamente os representantes legais da entidade.

Se un membro electo da Asemblea perdera a condición pola que foi elixido, causará baixa automaticamente naquela, procedéndose á súa sustitución da seguinte forma: cubrindo as bacantes cos votados no proceso de elección dos membros da Asemblea, que non obtivesen praza.

Artigo 13. Voto por correo

1. Unicamente se admitirá o voto por correo nas votacións para membros da Asemblea naqueles estamentos integrados por persoas físicas.
2. O exercicio do voto por correo haberá de ser solicitado polo interesado á xunta electoral, dende a data da convocatoria das eleccións ata 2 días hábiles despois da publicación do censo definitivo. Esta solicitude deberá facerse persoalmente, mediante correo certificado, burofax, ou por calquera outro medio validamente admitido en derecho que deixe constancia da solicitude.
3. Recibida pola xunta electoral a solicitude referida no punto anterior, comprobará a inscrición no censo definitivo do solicitante, realizando no caso de estar inscrito a anotación correspondente no censo e extendendo un certificado de autorización do voto por correo.

O certificado ao que se refire o parágrafo anterior deberá reflectir o nome do elector, o estamento polo que se solicita o exercicio do voto, así como un espazo en branco que deberá ser asinado polo elector previamente ao envío do voto á Secretaría xeral para o deporte.

A xunta electoral deberá remitir este certificado dentro dos 2 días hábiles seguintes á proclamación definitiva dos candidatos, remítindollo aos solicitantes por correo certificado urgente e con acuse de recibo á dirección postal sinalada polo interesado naquela solicitude. Igualmente enviaráselle unha papeleta de votación en branco e o sobre de votación oficial, xunto coa relación definitiva de todas as candidaturas presentadas ordenadas alfabeticamente, por especialidades.



Regulamento Electoral - Aprobado na Asemblea Xeral extraordinaria do 05/07/2014



FEDERACIÓN AERONÁUTICA GALLEGA

Avd. Castelao s/n (Casa do deporte) 15406 Ferrol
Tlf 981 319 151 Fax 981 319 141 E.mail: fag@telefonica.net



O listado de persoas autorizadas para o exercicio do voto por correo deberase remitir á Secretaría xeral para o deporte, publicándose asemade na páxina web www.fegada.org

4. Cada elector só poderá elixir a dous candidatos da súa especialidade, dos incluídos na relación definitiva de todas as candidaturas presentadas.

O elector introducirá a papeleta de voto no sobre da votación e pecharao. Incluirá este sobre de votación, xunto ao certificado emitido pola xunta electoral no que se autoriza o voto por correo, asinado polo emisor do voto e a copia do DNI, nun sobre de maior tamaño que os anteriores que remitirá á Secretaría xeral para o deporte para a súa custodia, por correo certificado urxente, consignándose no anverso e reverso do mesmo os seguintes datos:

Anverso:

Secretaría xeral para o deporte
Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 4
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)
Eleccións á Asemblea Xeral da Federación Aeronáutica Galega

Reverso:

Nome e apelidos do remitente
Estamento de (Deportista, Técnico o Xuiz)

5. A presentación dos votos nas Oficinas de Correos deberá realizarse con 6 días hábiles de antelación á data de celebración das eleccións, mediante envío por correo certificado urxente, e non serán admitidos os sobres depositados con data posterior. A Secretaría xeral para o deporte custodiará os votos emitidos, que serán postos a disposición da mesa electoral o día da votación, xunto cunha relación nominal dos mesmos, a fin de que, con posterioridade ao peche da votación presencial os membros da Mesa electoral poidan abrilos e, tras comprobar a súa regularidade, depositar cada voto na urna correspondente para incorporalo ao escrutinio.

6. Prevalecerá o voto persoal sobre o voto emitido por correo no caso de concorrenza de ambos.

Artigo 14. Presentación de candidaturas a presidente

1. No prazo de 2 días hábiles, dende a proclamación definitiva de membros da Asamblea xeral, poderá presentar candidatura a presidente da federación calquera persoa física, que teña a condición política de galego, (*A efectos do presente Estatuto, gozan da condición política de galegos os ciudadanos españoles que, de acuerdo coas leis xerais do Estado, teñan a vecindad administrativa en calquera dos Municipios de Galicia*). maior de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís, que non incorrese en ningunha sanción deportiva que o inhabilite e que non estea inhabilitado para o desempeño dun cargo público por sentenza xudicial firme.





FEDERACIÓN AERONÁUTICA GALLEGA

Avd. Castelao s/n (Casa do deporte) 15406 Ferrol
Tlf 981 319 151 Fax 981 319 141 E-mail: fag@telefonica.net



2. A persoa que resulte elixida como presidente, non poderá desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estructura federativa. Non se poderá simultaneiar a presidencia dun club deportivo coa presidencia da federación deportiva na que se integre o dito club.

Se algún membro da comisión xestora presentase a súa candidatura á presidencia, deberá cesar naquela.

O presidente saínte da federación será membro da nova asemblea xeral. Esta condición perderase nos casos de non presentar candidatura á presidencia ou, de téndoa presentado, non resultara elixido.

2. A presentación de candidaturas farase na sede oficial da federación, mediante escrito dirixido á xunta electoral.

3. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a xunta electoral exporá a listaxe provisional de candidatos a presidente no taboleiro de anuncios da federación así como na súa páxina web www.fegada.org. Pódense presentar impugnacións a esta no prazo de dous días hábiles. As impugnacións serán resoltas pola xunta electoral no prazo de dos días hábiles.

A xunta electoral publicará no día seguinte hábil, seguindo os medios reflectidos no punto anterior, a lista definitiva de candidatos á presidencia.

Artigo 15. Elección do presidente.

1. No día e hora fixados na convocatoria correspondente, constituirase a Asemblea xeral en primeira ou segunda convocatoria tendo como únicos puntos da orde do día a elección a Presidente e a membros da Comisión delegada. O presidente da federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da asemblea xeral presentes no momento da elección.

2. Na votación á elección de presidente non se admitirá o voto por correo nin a delegación de voto. A representación das entidades deportivas, realizarase conforme o establecido no artigo 9 parágrafo quinto, non admitíndose que unha persoa ostente a representación de mais dun club.

3. Comezada a sesión e constituída a mesa electoral, o presidente presentará os candidatos. iniciando, de seguido, o proceso de votación.

4. Os candidatos exporán os seus programas de ser do seu interese, procedéndose posteriormente á votación en urna para a elección do presidente, que será secreta.

5. A Xunta Electoral determinará o modelo de papeleta. Cada membro da Asemblea só poderá votar a un candidato.



Regulamento Electoral – Aprobado na Asemblea Xeral extraordinaria do 05/07/2014



FEDERACIÓN AERONÁUTICA GALLEGA

Avd. Castelao s/n (Casa do deporte) 15406 Ferrol
Tlf 981 319 151 Fax 981 319 141 E.mail: fag@telefonica.net



6. O proceso de votación está formado por un máximo de tres votacións.

- a. Na primeira votación son elixibles todos os candidatos da listaxe definitiva. Aqueles que obteñan un mínimo do 10% dos votos dos membros presentes, pasarán á seguinte votación. No suposto en que ningún candidato acade o 10% dos votos, pasarán á seguinte votación aqueles dous candidatos que contan cun maior número de votos. No suposto en que soamente sexa un candidato o que obteña o 10% dos votos, pasará tamén á seguinte votación o seguinte candidato en número de votos. De acadarse por algúm candidato a maioría absoluta dos votos, nesa primeira votación, será proclamado Presidente.
- b. Na segunda votación soamente serán elixibles aqueles que, como xa está exposto e coas excepcións contempladas, obtiveran alomenos o 10% dos votos dos membros presentes. Será elixido presidente o candidato que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.
- c. No caso de que na votación anterior ningún candidato obteña a maioría absoluta, procederase a unha nova votación entre os dous más votados, no prazo de trinta minutos, resultando elixido o que obteña maioría de votos.

7. Terminada cada unha das votacións realizadas, a mesa electoral procederá á contaxe de votos e levantarán a oportuna acta.
8. No caso de existir soamente dous candidatos, resultará elixido o que obteña a maioría simple dos votos. No caso de empate, decidíndose o desempate, co lanzamento dunha moeda.
9. No caso de que se presentase un só candidato, non se efectuará votación.
10. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, a comisión xestora administrará a federación e convocará e realizará novas eleccións a presidente no prazo máximo de 3 meses.
11. Rematada a elección, a acta do resultado desta será remitida á xunta electoral. Transcorridos os prazos de presentación de posibles recursos e resoltos estes, a xunta electoral proclamará presidente ao candidato más votado e comunicará os resultados á Secretaría xeral para o deporte no prazo máximo de 10 días.
12. Unha vez proclamado definitivamente o novo presidente, a comisión xestora deberá poñer a disposición deste no prazo máximo de 5 días hábiles, contados dende a proclamación definitiva, toda a documentación relativa á federación, levantando acta da documentación entregada e remitíndolle copia desta á Secretaría xeral para o deporte.



Tras a súa proclamación o presidente designará os demais órganos e comités de acordo cos estatutos da federación, debendo comunicarlle a súa composición á Secretaría xeral para o deporte no prazo máximo de 10 días hábiles, dende o seu nomeamento.

Regulamento Electoral – Aprobado na Asemblea Xeral extraordinaria do 05/07/2014





Artigo 16. Elección de membros da comisión delegada

A comisión delegada será elixida entre e pola asemblea xeral, mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto entre os seus membros. O seu mandado coincidirá co da asemblea xeral. Será presidida polo presidente da federación como membro nato desta.

O número de membros da comisión delegada será dun club de cada especialidad representada na asamblea (4), deportistas de diferente especialidad (2), técnico (1), Xuíz (1), sendo o total de 8. O procedemento para a súa elección será o seguinte, para a elección do club, será elixido polos clubs desa especilidad membros da Asamblea, para os deportistas, técnicos e xuíces, da mesma forma anterior.

Artigo 17. Recurso ante a Xunta electoral

O coñecemento de tódolos recursos que se poidan formular na materia electoral corresponde á xunta electoral, sendo tódalas súas resolucións recorribles ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva. Están lexitimados para interpoñer recursos os representantes das candidaturas ou as persoas e entidades debidamente afectadas polos acordos da xunta electoral.

Os recursos ante a Xunta electoral serán presentados, personalmente ou por calquera medio que acrede fehacientemente en dereito a presentación do escrito (burofax, correo certificado, telegrama...), na sede central federativa mediante escrito dirixido ao presidente da Xunta electoral.

Os prazos para a presentación destes recursos, así como os de resolución da Xunta electoral serán de 2 días hábiles, salvo nos casos nos que no presente regulamento ou na Orde do 8 de setembro de 2010 se establezan outros distintos.

Artigo 18. Recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva

1. Contra os acordos e resolucións das xuntas electorais procederá recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, poñendo fin, as resolucións deste, á vía administrativa.

Están lexitimados para interpoñer o recurso quen fose parte na impugnación ante a xunta electoral federativa ou as persoas interesadas directamente polo seu acordo ou resolución.

2. Os prazos para formalizaren estes recursos serán de 3 días hábiles dende o seguinte ao da notificación do acordo expreso da correspondente xunta electoral ou do seguinte a aquel en que rematou o prazo de resolución de reclamacións segundo o calendario electoral.





FEDERACIÓN AERONÁUTICA GALLEGA

Avd. Castelao s/n (Casa do deporte) 15406 Ferrol
Tlf 981 319 151 Fax 981 319 141 E.mail: fag@telefonica.net



3. O escrito de interposición do recurso deberá expresar:

- a) Nome, DNI e domicilio da persoa física ou denominación e endereço social dos entes asociativos interesados, incluíndo neste último caso o nome do seu representante legal.
- b) Se é ocaso, o nome, DNI e endereço do representante do interesado, podendo acreditar a súa representación, ademais de polos medios legais procedentes, a través de comparecencia ante a Secretaría do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- c) Lexitimación para interpoñer o recurso.
- d) O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
- e) As consideracións de feito e de dereito nas que baseen as súas pretensións, así como as propostas de proba que ofrezan en relación con aquellas.
- f) As pretensións que deduzan de tales consideracións.
- g) Lugar, data e sinatura.



Regulamento Electoral – Aprobado na Asemblea Xeral extraordinaria do 05/07/2014




FEDERACIÓN AERONÁUTICA GALLEGA

Avd. Castelao s/n (Casa do deporte) 15406 Ferrol
Tlf 981 319 151 Fax 981 319 141 E.mail: fag@telefonica.net



Anexo I. Calendario electoral

28/06/2014	Convocatoria de la Asamblea Extraordinaria
05/07/2014	Reunión Junta Directiva y Comisión Delegada de la FAG
05/07/2014	Asamblea Extraordinaria, Aprobación del Regulamento electoral provisional.
08/07/2014	Presentación regulamento electoral a la S.X.D (plazo de revisión 10 días)
18/07/2014	Aprobación regulamento electoral ou devolución modificación
	Prazo de subsanación
	Aprobación definitiva del regulamento por la SXD
26/07/2014	Comunicación da convocatoria a clubs y S.X.D. (plazo cinco días antelación convocatoria)
A G O S T O I N H A B I L	
05/09/2014	Convocatoria de elecciones (publicación no taboleiro e WEB federativa)
	Disolución da Xunta Directiva se constituye en Comisión Xestora.
	Publicación regulamento electoral
	Publicación calendario electoral
	Publicación censo provisional
	Nombramiento de la Junta Electoral
	Inicio prazo reclamación al censo provisional (prazo reclamación 12 días hábiles)
	Inicio petición voto por correo
19/09/2014	Fin prazo reclamación al censo provisional
25/09/2014	Resolución reclamaciones censo provisional (cinco días hábiles)
	Publicación censo definitivo
	Inicio prazo presentación candidatos á asamblea Xeral (tres días hábiles)
	Fin prazo petición do ejercicio do voto por correo
29/09/2014	Fin prazo presentación candidatos á Asemblea
	Proclamación provisional de candidatos a Asemblea
	Inicio prazo reclamación a la proclamación provisional candidatos asamblea (dos días hábiles)
	Sorteo para a elección dos membros da Mesa Electoral.
01/10/2014	Fin prazo reclamación a la proclamación provisional candidatos asemblea
	Resolución reclamaciones a la proclamación provisional candidatos asemblea
	Proclamación definitiva de candidatos á Asamblea Xeral
03/10/2014	Fin prazo remisión papeletas de voto a los clubs y resto estamentos
06/10/2014	Fin prazo depositar votos en correos-envío a la S.X.D.
06/10/2014	Comunicación de posibles interventores.
11/10/2014	Constitución mesa electoral.
	Votación a membros da Asamblea Xeral.
	Escrutinio.
	Proclamación provisional de resultados a membros da Asamblea.
13/10/2014	Inicio prazo reclamación a la proclamación provisional membros da Asamblea.
14/10/2014	Fin prazo reclamación a la proclamación provisional membros da Asemblea
15/10/2014	Resolución reclamaciones a la proclamación membros da Asemblea
16/10/2014	Proclamación definitiva de membros da asamblea
	Inicio presentación de candidatos a Presidente
18/10/2014	Fin presentación candidaturas a Presidente
	Proclamación provisional de candidaturas a Presidente
	Inicio prazo reclamación a las candidaturas a Presidente (dos días hábiles)
21/10/2014	Fin prazo reclamación a las candidaturas a Presidente
23/10/2014	Resolución reclamaciones a las candidaturas a Presidente
24/10/2014	Proclamación definitiva de candidaturas a Presidente
31/10/2014	Constitución Asamblea Extraordinaria
	Votación a Presidente
	Proclamación provisional de Presidente
03/11/2014	Inicio Prazo reclamación a la proclamación de Presidente
05/11/2014	Fin prazo reclamación a la proclamación de Presidente
	Resolución reclamaciones a la proclamación del Presidente
06/11/2014	Proclamación definitiva de Presidente



Regulamento Electoral – Aprobado na Asamblea Xeral extraordinaria do 05/07/2014



FEDERACIÓN AERONÁUTICA GALLEGA

Avd. Castelao s/n (Casa do deporte) 15406 Ferrol
Tlf 981 319 151 Fax 981 319 141 E.mail: fag@telefonica.net



Anexo II. Modelos de sobres e papeletas

MODELOS DE SOBRES PARA VOTACIÓN POR CORREO

SOBRE "A"

SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE
ESTADIO MULTIUSOS DE SAN LAZARO PUERTA-4
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)
ELECCIONS A ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN AERONÁUTICA
GALEGA

(No remite debe figurar os datos do votante e o estamento.
Neste sobre deberase de introducir una fotocopia do dni da persoa que exerce lo voto e
certificado emitido pola xunta electoral)

SOBRE "B" (MENOR QUE O SOBRE "A")

VOTO PARA OS CANDIDATOS DA ASEMBLEA XERAL
DA FEDERACIÓN AERONÁUTICA GALLEGA.
POLO ESTAMENTO DE

(POÑER O NOME DO ESTAMENTO POLO QUE SE VOTA)

(Neste sobre se introducirá a papeleta de voto)



Regulamento Electoral – Aprobado na Asemblea Xeral extraordinaria do 05/07/2014



FEDERACIÓN AERONÁUTICA GALLEGA

Avd. Castelao s/n (Casa do deporte) 15406 Ferrol
Tlf 981 319 151 Fax 981 319 141 E.mail: fag@telefonica.net



MODELOS DE PAPELETAS PARA A VOTACIÓN

PAPELETA DE VOTACIÓN

Candidatos ao estamento de entidades deportivas.

Nome completo das entidades candidatas a membros da asemblea por este estamento.

Á marxe establecer cuadricula para facilitar a opción de voto

Cada votante deberá asignar un máximo de entidades segundo o número de membros do estamento.

Ejemplo:

Nome completo da entidades candidata

Poner una cruz en el nombre del/los candidatos por el/los que se quieran votar por ese estamento.



Regulamento Electoral – Aprobado na Asemblea Xeral extraordinaria do 05/07/2014





FEDERACIÓN AERONÁUTICA GALLEGA
Avd. Castelao s/n (Casa do deporte) 15406 Ferrol
Tlf 981 319 151 Fax 981 319 141 E.mail: fag@telefonica.net



PAPELETA DE VOTACIÓN

Candidatos ao estamento de Deportistas.

Nome completo das entidades candidatas a membros da asemblea por este estamento.

Á marxe establecer cuadricula para facilitar a opción de voto

Cada votante deberá asignar un máximo de entidades segundo o número de membros do estamento.

Ejemplo:

Nome completo do deportista.

Nome completo do deportista.

Nome completo do deportista.

Nome completo do deportista.

Poner una cruz en el nombre del/los candidatos por el/los que se quieran votar por ese estamento.



Regulamento Electoral – Aprobado na Asemblea Xeral extraordinaria do 05/07/2011



FEDERACIÓN AERONÁUTICA GALLEGA

Avd. Castelao s/n (Casa do deporte) 15406 Ferrol
Tlf 981 319 161 Fax 981 319 141 E.mail: fag@telefonica.net



PAPELETA DE VOTACIÓN

Candidatos ao estamento de Xuices.

Nome completo das entidades candidatas a membros da asemblea por este estamento.

Á marxe establecer cuadricula para facilitar a opción de voto

Cada votante deberá asignar un máximo de entidades segundo o número de membros do estamento.

Ejemplo:

- Nome completo do Xuiz.

Poner una cruz en el nombre del/los candidatos por el/los que se quieran votar por ese estamento.



Regulamento Electoral – Aprobado na Asemblea Xeral extraordinaria do 05/07/2014



PAPELETA DE VOTACIÓN

Candidatos ao estamento de Técnicos.

Nome completo das entidades candidatas a membros da asemblea por este estamento.

Á marxe establecer cuadricula para facilitar a opción de voto

Cada votante deberá asignar un máximo de entidades segundo o número de membros do estamento.

Ejemplo:

Nome completo do técnico.

Nome completo do técnico.

Nome completo do técnico.

Nome completo do técnico.

Poner una cruz en el nombre del/los candidatos por el/los que se quieran votar por ese estamento.



Regulamento Electoral – Aprobado na Asemblea Xeral extraordinaria do 05/07/2014



FEDERACIÓN AERONÁUTICA GALLEGA

Avd. Castelao s/n (Casa do deporte) 15406 Ferrol
Tlf 981 319 151 Fax 981 319 141 E.mail: fag@telefonica.net



Anexo III. Censos



Regulamento Electoral – Aprobado na Asemblea Xeral extraordinaria do

05/07/2014



FEDERACIÓN AERONÁUTICA GALLEGA